

APOIO Á PROFESIONALIZACIÓN Á FORMACIÓN E DEFENSA DA PROFESIÓN.

Pilar Portela, Presidenta da AGPXC desde o 2019 ao 2022

Fun Presidenta da Asociación dende xuño de 2019 ata abril de 2022, aínda que primeiro fun tesoureira durante uns meses.

Nestes anos a Asociación acordou profesionalizar a súa xestión, contratando a prestación dos servizos da xerencia, o que favoreceu a comunicación e o diálogo e permitiu adicar unha maior e mellor atención ás socias.

Como membro da Federación Estatal de Asociaciones de Gestores Culturales (Feagc) a Agpxc aceptou formar parte e traballar na comisión de profesionalización constituída pola Federación, da que formaban parte outras asociacións territoriais, o Ministerio de Cultura e a Femp. O obxectivo desta comisión é impulsar a profesionalización da xestión cultural, a través dunha definición dos perfís profesionais, a formación e unha regulación máis axeitada.

Para a defensa dos seus intereses e para favorecer a participación das socias, a Agpxc creou grupos de traballo por áreas de interese: profesionalización, formación, internacionalización, comunicación e boas prácticas na que se integraron socias. A comisión de profesionalización colaborou coa comisión estatal elaborando un documento dos perfís profesionais, que foi presentado en Toledo, nas xornadas “La gestión cultural. Una profesión por regular”.

A Agpxc desempeñou un papel moi importante no ano 2020, cando foi decretado o estado de alarma a raíz da pandemia do Covid. Liderou o diálogo coas institucións e serviu de ponte con outras entidades representativas do sector, logrando acadar a unidade sectorial para reclamar medidas consensuadas ante as Administracións.

Durante estes anos a Xunta Directiva apostou tamén pola formación e a cualificación da xestión cultural, organizando xornadas de contratación e o "Plan de Formación sobre a Transformación Dixital", coa colaboración da Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

A sustentabilidade e a Axenda 2030 tamén estiveron presentes nestes anos coa organización da xornada "Retos da cultura poscovid", co apoio da Deputación de Pontevedra, iniciando unha nova colaboración institucional.

Vencellado á loita contra a precariedade e a profesionalización da xestión cultural, editouse o primeiro manual de boas prácticas, "Manual de Boas Prácticas na Xestión Cultural de Espectáculos ao Vivo", no que se recolle a normativa de aplicación e as prácticas que se deben mellorar, impulsar e evitar.

Todas estas medidas de apoio á profesionalización, a cualificación e a formación permanente e a defensa da profesión e o seu recoñecemento, impulsaron a visibilización da Asociación favorecendo o aumento do número de socias, tendencia que se mantén, o que lle permite a Agpxc ter unha maior representatividade sectorial.